

ENTREVISTA CON ANA FERNÁNDEZ PUENTES, ARQUITECTA, PROMOTORA DA COOPERATIVA DE VIVENDAS SAN MARTIÑO E DE ABSE-GALICIA¹

Son moitas as experiencias alternativas sobre as que Ana Fernández pode ilustrarnos. Tantas que custa traballo centrarse nun tema, como por exemplo a ecoloxía, sen traer a colación a vivenda, a banca alternativa, o comercio... Todos eles implican niveis de resolución cotiá das necesidades e das economías domésticas. Cubrindo tódolos flancos procúrase acadar un xeito de organización da vida verdadeiramente económico (é dicir, ecolóxico) que ten a súa base nas relacións de solidariedade horizontal, e atopa a súa forma xurídica en entidades da economía social, maiormente cooperativas e asociacións. Os dous eixos que conduciron esta entrevista foron os pasos cara unha banca alternativa a partir da promoción de cooperativas con sección de crédito e a experiencia da Cooperativa de Vivendas San Martiño de Pontevedra.

Pregunta: ¿Cal foi a xenealoxía de ABSE-Galicia e da vosa preocupación pola banca alternativa?

Ana Fernández: A cousa empezou no 88, cando limos nun artigo que os Verdes de Alemaña fixeran unha subscrición, non sei se de 16.000 socios, e montaron a Banca Verde. Algunha xente de toda España escribimos e, a través deles, entramos en contacto entre nós. Entón montamos en Barcelona a Asociación para a Banca Social e Ecolóxica (ABSE), que estivo funcionando moi ben durante dous anos, 88 e 89. Xuntabámonos en Barcelona unha vez ó mes unhas cincuenta persoas e mantiñamos un debate bastante vivo. En Cataluña montaron ECO-PROXECT, que era unha sociedade limitada de xestión de fondos, onde a xente depositaba o seu aforro. Daquela partía de medio millón de pesetas de capital. Pero o proxecto non foi adiante porque non tiña viabilidade xurídica. A partir de entón a cousa en Cataluña desinflouse, a maioría da xente entrou na candidatura dos Verdes...

Nós aquí empezamos a estudar o tema. Eu asistín a Madrid á reunión de cooperativas de crédito e falei cun asesor xurídico que me fixo a seguinte recomendación: "vós debedes montar cooperativas con sección de crédito". A partir

1. Entrevista realizada por Ana Lorenzo Vila en Pontevedra.

desta idea fomos perfilando a nosa proposta: crear unha alternativa económica en tódolos eidos da vida, o que se materializa na creación de tódolos tipos de cooperativas que estamos a potenciar agora. Enviamos información do noso proxecto a ABSE e empezamos a traballar en Galicia.

Por outra banda, a través do grupo Gaztelán de Pamplona, un colectivo que traballa o tema da inserción social de marxinados, e co que mantiñamos contacto, soubemos da primeira xuntanza que houbo en Portugal sobre Economía Alternativa en Europa. Despois desta, a seguinte xuntanza foi en Huelva, onde tivemos-la oportunidade de asistir e coñecer, entre outras, a Carola Reintjes. A partir dese momento ABSE pasou a formar parte da Rede de Economía Alternativa e Solidaria (REAS), e Sandino, como antes se chamaban as tendas da solidariedade, pasou a constituírse en cooperativa (Ideas) e montaron unha sección de crédito, na que xuntaron uns dez millóns de pesetas.

Nós aquí estamos agora tendo xuntanzas e constituímos tódalas cooperativas: de vivenda, que xa funcionaba, dúas de produtos ecolóxicos, unha de produtores e outra de consumidores (coa asociación de Monforte). Nós queremos facelas en Galicia.

Pregunta: Centrándonos xa nos distintos proxectos, ¿resolve a cooperativa de consumidores de produtos ecolóxicos o problema da distribución e da saída para os produtores e produtoras, ou límitase a resolve-lo consumo das persoas socias?

Ana Fernández: O que queremos é facer unha cooperativa de segundo grao, de servizos, porque ós produtores de agricultura ecolóxica se lles van a distribuí-los produtos, porque para iso se fai a cooperativa. O que queremos facer é listado de produtos que ofrecen os produtores e listado de produtos que piden os consumidores. Pola miña experiencia nas tendas de Sabor Original, tódolos produtos veñen de fóra, a excepción dun produtor en Ourense, e as cousas de fóra son moi caras. Cando merquei as participacións nestas tendas, cáseque todo o que vendían eran produtos dietéticos, pero eu introducín produtos ecolóxicos (roupa e outros) e algo de comercio xusto. Pero o problema destes produtos é que ó viren de fóra e traeren pouca cantidade saen moi caros. Para abaratar e para que o consumo saia máis barato, eu penso que é interesante montar unha cooperativa de consumo, para facelo asequible á maioría de xente facendo grandes pedidos.

Por agora a cooperativa ten 15 socios. Cando a poñamos en condicións de ter máis que ofrecer faremos unha campaña de atracción de socios. A cooperativa encargárase da distribución e se lle levarían ós produtos a cada persoa.

Pregunta: Tedes tamén unha comunidade de propietarios da terra. ¿como funciona e como se integra no proxecto xeral?

Ana Fernández: É máis ben un tipo comuna. Eu merquei un mosteiro na Cebada, que é nun pobo pequeno que aínda é recuperable. O obxectivo é dignificar o xeito de vida alí. Mercáronse terras e estamos a traballalas en comunida-

de. Tamén levamos proxectos de reforestación alí, que levan tamén a cabo a co-operativa de traballo. Estase a preparar unha horta para agricultura ecolóxica. A xente aquí vive co mínimo. O que pensamos facer é conseguir que o consumo alimentario que é o máis básico, e que preferimos que sexa ecolóxico estea o máis autoxestionado posible, para ter o menor custo posible. Isto tamén incumbe á vivenda. Trátase de te-la supervivencia arranxada e, ó mellor, pagar con traballo. Isto supón unha implicación moito máis comunitaria da xente.

O pobo, que estaba abandonado, foi sendo recuperado por algúns que mercaron casa e por outros que as ocuparon sen máis. Inda levan pouco tempo, desde o 95, e as casas están en malas condicións de habitabilidade. Pero a xente está moi contenta coa organización do trabalo en común, tanto do traballo da terra e da artesanía como do coidado dos nenos e nenas, que teñen moitos.

Pregunta: ¿Como se financian todas estas cooperativas?

Ana Fernández: Funciónase a través da sección de crédito. A través dela, eu adianto diñeiro que se pode repartir entre tódolos cooperativistas e pagar a moi longo prazo. Iso faino máis asequible. Na sección de crédito pódese pagar a trinta anos, e mesmo se pode pagar con traballo.

Pregunta: ¿Esa asimetría repercute na xestión democrática da cooperativa?

Ana Fernández: Isto é só a nivel da sección de crédito. O capital da cooperativa ten que ser igualitario. Ti vas aumentando o capital a medida que a xente vai poñendo diñeiro cada ano. Vaise aumentando paulatinamente e dun xeito igualitario.

Pregunta: ¿Pódese pensar que as condicións de financiamento fan destes proxectos un modelo dificilmente exportable?

Ana Fernández: Xeralmente as cooperativa fan a través de créditos, pero aínda así os créditos son prohibitivos para un salario normal. Deste outro xeito faise máis asequible a longo prazo. Esta cooperativa vai solicitar créditos ós bancos, o que pasa é que a algunha xente non lle vai dar para iso, entón hai que facilitarlles outra vía. Por exemplo, na cooperativa de vivendas, o diñeiro que adiantei, tan pronto peche o presuposto, vou recuperalo, porque a xente ten que pagar, porque se non o fai corre a lista, porque hai lista de espera na cooperativa para a adquisición de vivenda.

Eu espero que a xente entre na sección de crédito cando empece a funcionar. Por aí están a funcionar seccións de crédito como canalizadoras do aforro. Porque á xente compénsalles, sobre todo para pequenos aforros, xa que se cobra o interese oficial do Banco de España, cousa que nun banco normal tes que ter polo menos un millón de pesetas, e aquí o cobras desde a primeira peseta. A xente que entra na cooperativa xa é con vistas a montar a cooperativa de crédito e faceren investimentos éticos.

Pregunta: De todos estes proxectos o que precede é a cooperativa de vivendas, coa que levades xa dúas décadas. ¿cales eran os obxectivos perseguidos e como funcionou esta promoción?

Ana Fernández: A nivel xeral a cooperativa de vivendas era un xeito de recupera-lo Casco Vello de Pontevedra, ofrecer unha alternativa de vivenda e unha alternativa de vida. O tipo de construción é sen plásticos, sen aluminio, sen produtos contaminantes e tamén con aforro de enerxía. Todas estas cousas son o que se chama arquitectura ecolóxica, onde tamén se inclúe o aspecto da reciclaxe. Nós asumimos este tipo de condicións. Por outra parte está a componse comunitaria.

Fundamos a cooperativa no ano 76. Tivemos moitos problemas, principalmente co alcalde. Denunciámolo por ter estropeado un parque e ó enterarse de que fomos nós propúxose non conceder-no-la licenza mentres estivera no goberno da cidade. Mesmo se propuxo facer unha praza no solar. Así que tivemos moitos atrancos de carácter político, denuncias, etc, o que supuxo unha verdadeira loita de desgaste.

A cooperativa fundámola oito persoas e había outras oito como candidatas. En todo este tempo moita xente deixou o proxecto, pero agora que está a casa feita son outros moitos os interesados en incorporarse.

Pregunta: ¿Que posibilidades hai de continua-las promocións nesta ou noutras cidades?

Ana Fernández: O que pasa con isto é que son proxectos de autoxestión, e a xente ten que estar predispuesta a autoxestionarse en cooperativa. Imos aumentalo ámbito da cooperativa. Pensabamos achegala a Brión e tamén ó rural. A comunidade de propietarios da terra fará a rehabilitación de casas a través da cooperativa. De tódolos xeitos estes proxectos atópanse tamén con moitos problemas derivados das trabas e as corrupcións administrativas.

Pregunta: ¿Como se conectan unhas seccións de crédito con outras?

Ana Fernández: A idea é montar unha cooperativa de crédito. Cada sección de crédito é autónoma, leva a súa contabilidade propia. Habería que facer unha enquisa ós depositarios para saber canta xente pasaría iso a capital. Unha sección de crédito é o único xeito de que non necesites capital mínimo, pero para unha cooperativa de crédito si o precisas. As seccións de crédito son un paso para conseguir diñeiro e chegar a montar un banco cooperativo.